



## **Anexo I: REGULAMENTO IV CARREIRA POLA IGUALDADE CONCELLO DE NARON**

A IV Carreira pola Igualdade organizada polo Padroado de Deportes do Concello de Narón e co control técnico da Delegación en Ferrol da Federación Galega de Atletismo, terá lugar o domingo **9 de marzo a partir das 10:00 horas (carreira menores ) 11:00 horas carreira absoluta.11:05 Andaina.**

A proba está suxeita ás seguintes normas:

1. A Saída e a chegada situaranse nas proximidades do Pavillón da Gándara
2. O percorrido será de 5.000 metros aproximadamente, e discorrerá polo Concello de Narón para as categorías absolutas.
3. A proba discorrerá por un circuito de acordo co plano deseñado.
4. A organización contará coa colaboración da Policía Local, Protección Civil, persoal do padroado de Deportes e voluntarios, que regularan o tránsito o longo do percorrido.
5. As reclamacións relativas a clasificación faranse verbalmente antes dos 30 minutos posteriores de facerse público o Xuíz Árbitro ou na secretaría da competición, sendo o Xuíz árbitro o encargado de resolvelas. Para todo o non previsto neste regulamento, resolverase conforme as normas da F.G.A ; R.F.E.A e a W.A. por esta orde.
6. SERÁN MOTIVOS DE DESCUALIFICACIÓN OS SEGUINTE:
  1. Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio ou cadeiras de bebés nin correr acompañados destes, así como tampouco está permitida a participación con animais. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descualificación dos corredores que a infrinxiran. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que contarán con roupa apropiada e visible.
  2. Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súas extensión (no peito durante todo o recorrido) ata a súa entrada en meta .Participar con un dorsal que corresponde a outro corredor
  3. Non realizar o percorrido da carreira completo.
  4. Non pasar polos controis de carreira establecidos.
  5. Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
  6. Non atender as indicacións dos membros da organización e dos xuíces.
  7. Pretender participar na carreira sen terse inscrito previamente.
  8. Aquela conduta que sexa estimada antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do Circuito.



9. Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo da organización poda ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria
  10. Ser reincidente en algunha infracción de descualificación de carreira.
  11. Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
  12. Manter unha actitude groseira, violenta ou que en xeral atente co espírito deportivo da proba.
7. A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces.
8. **Se contará con servizo de aseos e duchas no Polideportivo Municipal da Gándara. NON haberá servizo de gardarroupa.**
9. Disporase de avituallamento líquido na zona de meta.
10. O control de chegada pecharase **1 hora despois** da saída. Cando un participante sobrepase o tempo previsto de peche de control (1 hora despois da saída), será avisado pola organización e deberá subir ao coche oficial que pecha a carreira e abandonar a proba coa fin de non entorpecer o tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar, farao baixo a súa responsabilidade, debendo cumprir as normas e sinais, e considerarse un usuario máis da vía, quedando eximida a organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer (Regulamento xeral de circulación R.D. 1428/2003).
11. A Organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil. De tódolos xeitos, **a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.**

## 12. CATEGORÍAS

\*Os horarios son aproximados, a organización poderá modificalos atendendo a parámetros de seguridade, meteorolóxicos, etc... pregase que os participantes cheguen con antelación suficiente a hora prevista de Saída (mínimo 15 minutos antes)

CATEGORÍAS DE MENORES		
HORARIO	CATEGORÍA	IDADE
10:45 Aprox	Prebenxamin (100 metros)	Nacidos/as en 2018 e posteriores
10:30 Aprox	Benxamín/a - Sub 10 (500 metros)	Nacidos/as en 2016 - 2017
10:15 Aprox	Alevín - Sub 12 ( 1000 metros )	Nacidos/as en 2014- 2015
10:15 Aprox	Infantil - Sub 14 (1000 metros )	Nacidos/as en 2012- 2013



	Sub 16 (2000 metros )	Nacidos/as en 2010-2011
10:00 Aprox	Sub 18 (2000 metros )	Nacidos/as en 2008 - 2009
<b>CATEGORÍAS ABSOLUTAS</b>		
11:00 aprox	ABSOLUTA (5000 metros)	Nacidos/as en 2007 en diante
Cadeira de rodas*		
Handbike*		
Invidentes*		
Discapitados intelectuais *		
Considéranse categorías non oficiais da F.G.A.		

### 13. INSCRICIÓN E RETIRADA DE CHIPS E DORSAIS.

1. As inscricións poderán efectuarse a partir do día **10 de febreiro ata o día 5 de Marzo as 23:59 a través** da páxina web [www.carreiras.galegas.com](http://www.carreiras.galegas.com) Non se admitirá outra vía de inscrición que a sinalada anteriormente.

2. A inscrición terá un coste de 4 euros tanto para as categorías absolutas coma para a andaina que se realizará no momento de formalizar a inscrición, sendo gratuíta para os menores tanto na carreira coma na andaina.

A retirada de chips e dorsais poderase efectuar no **PAVILLÓN DA GÁNDARA** o venres día **7 de marzo de 16:00 a 20:00** ; o **sábado día 8 de marzo de 10,00 a 14,00 e de 16:00-20:00** e o **domingo día 9 de 08:30 a 09:30 horas**.

(Se é posible e co gallo de evitar retrasos e incidencias o día da carreira recoméndase os/as participantes que pasen a recoller os dorsais os dous días previos a carreira habilitados para tal fin)

3. A Pobra terá un límite de **500 participantes** en categoría absoluta, **400 participantes** na Andaina e de **400** nas categorías de menores.

### 14. PREMIOS.

A entrega de premios, levarase a cabo xusto despois do remate da andaina.

A organización premiará nas categorías absolutas, as tres primeiras mulleres e aos tres primeiros homes. En canto ás categorías non oficiais, tamén premiaranse ás tres primeiras e aos tres primeiros, en cada unha das mesmas.


Do mesmo xeito, entregarase un premio a participante feminina de maior idade, que remate a proba (carreira).

Nas categorías de menores (carreira) entregaranse medallas a todas as persoas participantes.



15. A organización poderá modificar este regulamento ou o circuito polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.
16. Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou a internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade.
17. En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido ó Padroado de Deportes do Concello de Narón, [p.deportes@naron.es](mailto:p.deportes@naron.es)
18. Coa inscrición na proba enténdese aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento.

PERCORRIDO: 5 K



CARREIRA DE MENORES

100 METROS VERMELLO  
500 METROS AZUL  
1500 METROS VERDE



CARREIRA 2000M.





## **Anexo II: REGULAMENTO III CARREIRA POLA IGUALDADE CONCELLO DE NARON: ANDAINA**

A IV Carreira/Andaina pola Igualdade organizada polo Padroado de Deportes do Concello de Narón e co control técnico da Delegación en Ferrol da Federación Galega de Atletismo (SEN CROMOMETRAXE), terá lugar o domingo **9 de marzo** a partir das **10:00 horas (carreira menores ) 11:00 horas carreira absoluta.11:05 Andaina.**

A proba está suxeita ás seguintes normas:

19. A Saída e a chegada situaranse nas proximidades do Pavillón da Gándara
20. O percorrido será de 4500 metros aproximadamente, e discorrerá polo Concello de Narón
21. A proba discorrerá por un circuíto de acordo co plano deseñado.
22. A organización contará coa colaboración da Policía Local, Protección Civil, persoal do padroado de Deportes e voluntarios, que regularan o tránsito o longo do percorrido.

SERÁN MOTIVOS DE DESCUALIFICACIÓNS OS SEGUINTES:

1. Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio así como tampouco está permitida a participación con animais. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que contarán con roupa apropiada e visible.
2. Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súas extensión (no peito durante todo o recorrido) ata a súa entrada en meta .Participar con un dorsal que corresponde a outro corredor
3. Non realizar o percorrido da Andaina completo.
4. Non pasar polos controis de carreira establecidos.
5. Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
6. Non atender as indicacións dos membros da organización e dos xuíces.
7. Pretender participar na carreira sen terse inscrito previamente.
8. Aquela conduta que sexa estimada antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do Circuíto.
9. Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo da organización poda se considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria
10. Ser reincidente en algunha infracción de descualificación de carreira.
11. Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.



12. Manter unha actitude groseira, violenta ou que en xeral atente co espírito deportivo da proba.
23. A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces.(non haberá cronometraxe)
24. **Se contará con servizo de aseos e duchas no Polideportivo Municipal da Gándara. NON haberá servizo de gardarroupa.**
25. Disporase de avituallamento líquido na zona de meta.
26. O control de chegada pecharase **unha hora e 20 minutos despois** da saída. Cando un participante sobrepase o tempo previsto de peche de control (unha hora e 20 minutos dende a saída), será avisado pola organización e deberá subir ao coche oficial que pecha a andaina e abandonar a proba coa fin de non entorpecer o tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar, farao baixo a súa responsabilidade, debendo cumprir as normas e sinais, e considerarse un usuario máis da vía, quedando eximida a organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer (Regulamento xeral de circulación R.D. 1428/2003).
27. A Organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil. De tódolos xeitos, **a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.**

## CATEGORÍAS

Na andaina poderán participar as persoas de calquera idade (todas elas inscritas e con dorsal correspondente). Establecese una única categoría

## INSCRIPCIÓNS/RETIRADA DE DORSAIS

As inscricións poderán efectuarse a partir do día **10 de febreiro ata o día 5 de Marzo as 23:30 a través** da páxina web [www.carreiras\\_galegas.com](http://www.carreiras_galegas.com) Non se admitirá outra vía de inscrición que a sinalada anteriormente.

1. A inscrición terá un coste de 4 euros tanto para as categorías absolutas coma para a andaina que se realizará no momento de formalizar a inscrición, sendo gratuíta para os menores.

A retirada de chips e dorsais poderase efectuar no **PAVILLÓN DA GÁNDARA** o venres día **7 de marzo de 16:00 a 20:00** ; o **sábado día 8 de marzo de 10,00 a 14,00 e de 16:00-20:00** e o **domingo día 9 de 08:30 a 09:30 horas.**

(Se é posible e co gallo de evitar retrasos e incidencias o día da carreira recomendase os/as participantes que pasen a recoller os dorsais os dous días previos a carreira habilitados para tal fin)



2. A Pobra terá un límite de **500 participantes** en categoría absoluta, **400 participantes** na Andaina e de **400** nas categorías de menores.
3. A organización poderá modificar este regulamento ou o circuito polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.
4. Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou a internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade.
5. En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido ó Padroado de Deportes do Concello de Narón, [p.deportes@naron.es](mailto:p.deportes@naron.es)
6. Coa inscrición na proba enténdese aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento.

PERCORRIDO: 4,5 K

